



Índice de contidos

Que fago cando entro a un curso?.....	1
Como estudio na AV?.....	1
Que actividades teño que facer?.....	2
Como escribo texto en liña para unha pregunta ou tarefa?.....	2
Como subo a miña tarefa?.....	2

Que fago cando entro a un curso?

Os cursos sempre teñen os nomes das materias e, nalgúns casos, o curso, grupo e/ou nome do profesor/a para identificalos mellor. Unha vez que premes no nome entras nel e aparecerá unha interface cos elementos básicos: unha cabeceira (1), bloques de opcións á esquerda (2) e á dereita (3), e un corpo central onde se localizan os temas do curso(4). Explora as distintas opción sen medo e segue sempre as indicacións do teu profesor ou profesora.



Nos cursos podes facer o mesmo que fas en clase pero dende a casa. O “libro de texto” cos seus contidos e as súas actividades é o que che aparece na sección central dividida en temas. As explicacións do profesor ou profesora deberán ser en diferido evidentemente, mediante instrucións no foro, correos electrónicos, vídeos explicativos, videoconferencias, etc Para que non te perdas é moi importante consultar e participar no foro e revisar os bloques informativos como o de últimas noticias, o calendario, próximos eventos, ... ([Preme para ver un videotutorial](#)).

Como estudio na AV?

En moodle hai diversos **recursos** que che subministrarán os contidos para estudar. Dependendo do curso haberá máis ou menos e serán máis ou menos diversos. En xeral haberá documentos que




normalmente estarán en formato pdf e que poderás utilizar directamente, descargalos para consultalos offline ou incluso imprimilos se o prefires. Tamén é frecuente que haxa vídeos e/ou imaxes e accesos a páxinas web. ([Preme para ver un videotutorial](#))

Que actividades teño que facer?

En moodle hai moitos tipos de actividades que poderemos dividir en **autocualificables** e de **cualificación manual**. Nas primeiras poderás coñecer a túa cualificación inmediatamente despois de rematalas se o profesor ou profesora así o configurou. Son exemplos destas actividades as **probos**, os **exames hotpotatoes** ou as **leccións**. As actividades de cualificación manual son basicamente as **tarefas**. Nelas o profesor ou profesora darache unhas instrucións para que fagas algún tipo de traballo como escribir un texto en liña, facer un documento de texto, unha fotografía ou un vídeo. Logo de recibir o voso traballo o profesor ou profesora o revisará e cualificará. Tanto nun tipo de actividades coma noutro pode haber un prazo para realizala e/ou entregar o que se pediu. É moi importante organizarse para poder cumprir os prazos de todas as actividades de todos os cursos ou materias. ([Preme para ver un videotutorial](#))

Como escribo texto en liña para unha pregunta ou tarefa?

En moodle hai caixas de texto onde poder escribir para este tipo de preguntas ou tarefas. Na maioría dos casos na parte superior da caixa hai un menú de iconas coas opcións básicas dun procesador de textos que poderás utilizar para dar formato ao texto.



Como subo a miña tarefa?

É moi sinxelo. Unha vez que premes sobre a tarefa aparecerache unha páxina con toda a información que precisas. É moi importantes que leas todo e si algo non che queda claro o consultes co/a profesor/a ou cos/coas compañeiros/as utilizando por exemplo o foro. Ao final da páxina aparecerache un botón para “engadir entrega”. Ao premer nese botón accedes a outra páxina cun menú e unha caixa para engadir a entrega. Fíxate que na base da caixa pode aparecer información relativa ao tipo de arquivo que debes subir (por exemplo, vídeo/mp4 quere dicir que debes subir un vídeo que estea nese formato, ou .pdf quere dicir que debes subir un documento pdf). Tes a posibilidade de adxuntar o arquivo arrastrándoo ata a caixa ou ben mediante o menú e o navegador de arquivos. ([Preme para ver un videotutorial](#))